

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

**E. E. I. "SAN ROQUE"
VIVEIRO
CURSO 2007 – 2008**

ÍNDICE

1	ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA	2
1.1	ÁMBITO ADMINISTRATIVO.....	2
1.2	XESTIÓN ACADÉMICA E PEDAGÓXICA	2
1.3	INTERACCIÓN DIDÁCTICA	3
1.4	RELACIÓN CO CONTEXTO SOCIOFAMILIAR	3
2	ACTORES E AXENTES DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	4
2.1	AS FAMILIAS	4
2.2	O ALUMNADO	5
2.3	O PROFESORADO	5
2.4	O ENDL.....	5
2.5	EQUIPO DIRECTIVO	5
2.6	A ANPA	5
3	OBXECTIVOS	5
4	PAUTAS DE ACTUACIÓN PARA ACADA-LOS OBXECTIVOS FIXADOS	6
5	MEDIDAS DE APOIO E REFORZO.....	6

1 ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Para elaborar este plan lingüístico do centro partimos en primeiro lugar da análise da situación inicial, é dicir, estudiamos en que medida o galego é empregado pola comunidade educativa (pais, nais, nenos e nenas, mestres e mestras, persoal de servizo, asociacións, lingua ambiental, etc.) para así, fixar un criterio de lingua materna.

1.1 ÁMBITO ADMINISTRATIVO

A toma de decisións que afectan á xestión do centro están acordes co ordenamento legal:

-Constitución Española.

-Estatuto de Autonomía de Galicia.

-Lei 3/1983 de 15 de xuño.

-Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.

-Decreto 247/1995 de 14 de setembro que desenvolvía a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística.

Decreto 66/1997 de 21 de marzo que modificaba o anterior.

Polo que, toda a documentación da actividade oficial e de relación coa administración está en galego: Documentación interna, arquivos, comunicacións, convocatorias, avisos, certificados, actas de reunións, oficios, regulamentos e follas informativas.

Así mesmo, emprégase o galego en tódolos documentos económicos: inventarios, balances e documentos contables (os recibos e facturas, dependen da entidade emisora).

Nas comunicacións orais tales como asembleas, reunións de traballo, comisións etc., emprégase o galego.

No referente ós aspectos visuais, a rotulación externa e interna do centro, tales como horarios, taboleiros de anuncios, carteis, listaxes de prezos, catalogacións da biblioteca, catalogacións de materiais audiovisuais etc. están en galego.

1.2 XESTIÓN ACADÉMICA E PEDAGÓXICA

Toda a planificación educativa está en lingua galega: PCC, PEC, RRI, PXA, e as programacións de actividades docentes.

Así mesmo, emprégase o galego en tódalas actividades de reforzo, asesoramento e apoio técnico: proxectos de formación do profesorado, proxectos de innovación, proxectos nos que participa o centro e a documentación referente ós gabinetes psicopedagóxicos, e tódolos seus informes.

O mesmo nos documentos de seguimento e control, como a memoria anual de centro, os boletíns informativos, expedientes do alumnado, avaliacións iniciais etc.

1.3 INTERACCIÓN DIDÁCTICA

Este centro conta con 8 profesoras de EI., 1 profesor de AL., 1 profesora de Inglés e 1 profesora de Relixión, dos cales, 8 son especialistas en lingua galega e 3 teñen o curso de perfeccionamento, polo que todos son capaces de expresarse coa suficiente propiedade e corrección, así mesmo mostran boa predisposición cara ó uso do galego e á súa potenciación.

Para dar cumprimento ó Decreto 247/1995 de 14 de setembro que desenvolvía a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística e ó Decreto 66/1997 de 21 de marzo que modificaba o anterior, e que contemplaba que a lingua ambiental dos centros sería o galego, e a lingua do ensino na Educación Infantil, a lingua materna da maioría do alumnado, introducindo pouco a pouco o galego nas distintas actividades, neste centro estase a empregar indistintamente o galego e o castelán por considerar que a lingua materna maioritaria do alumnado é o castelán, pois é o que falan a maioría.

No referente ós materiais didácticos, os materiais curriculares, dende hai anos empréganse en galego, seleccionados tendo en conta os seus contidos actuais, cercanos á vida dos nenos e nenas, con contidos que non reproduzan prexuízos nin estereotipos negativos cara á lingua.

Os materiais elaborados polo profesorado, están indistintamente en galego e castelán.

Contamos cunha importante dotación de libros en galego na biblioteca, sendo máis deficitaria nas bibliotecas de aula.

A dotación de medios informáticos e audiovisuais en galego é insuficiente.

O clima das clases, favorece a actitude de integración e valoración da nosa lingua, pero non esquecendo que a maioría dos nenos e nenas son castelán falantes, polo que algúns símbolos, adornos e murais tamén están en castelán.

A lingua de interacción didáctica é o galego ou o castelán segundo o momento, e a de interacción entre alumnado e profesorado é a de cada alumno, individualmente.

1.4 RELACIÓN CO CONTEXTO SOCIOFAMILIAR

As comunicacións orais de atención ó público: reunións coas familias, intervencións en actos oficiais, actividades complementarias, celebracións, actuacións teatrais etc. fanse en galego, informando posteriormente en castelán a aquelas persoas que o solicitan por non comprender o galego

Así mesmo, as comunicacións escritas: circulares, follas informativas, anuncios, cartas etc. tamén se fan en galego.

Dada a idade dos nosos alumnos e alumnas pasamos a principio de curso unha enquisa dirixida ós pais e nais, solicitando os datos que consideramos de máis importancia cara a coñecer o seu dominio lingüístico, sendo neste momento o seguinte:

-Que lingua falan habitualmente na casa?

Galego: 32,14 %

Castelán: 35,71 %

As dúas: 32,15 %

-Falan entre vostedes en galego?

Si: 57,14 %

Non: 42,86 %

-Que lingua falan co neno/a?.

Galego: 21,48 %

Castelán: 35,71 %

As dúas: 39,11 %

Outras: 3,7 %

-Que lingua emprega o seu fillo/a na casa?

Galego: 14,29 %

Castelán: 57,14 %

As dúas: 26,07 %

Outras: 2,5 %

-O seu fillo/a entende o galego e o castelán?

Castelán: Si: 99,9 %

Non: 0,01 %

Galego: Si: 82,14 %

Non: 7,14 %

Non saben: 10,71 %

-Cando se relacionan cos demais nenos/as en que lingua se comunican?

Galego: 3,57 %

Castelán: 60,71 %

Indistintamente: 32,14 %

-Considera beneficioso para o seu fillo/a o uso do galego?

Si: 96,43 %

Non: 3,57 %

2 ACTORES E AXENTES DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

2.1 AS FAMILIAS

Segundo as enquisas manifestan maioritariamente unha actitude positiva cara ó galego.

2.2 O ALUMNADO

Ö alumnado, dada a súa idade hai que dotalo de competencia na nosa lingua e motivalos xunto coas familias no seu uso.

2.3 O PROFESORADO

Mostra unha boa implicación e manifesta un compromiso profesional cara ás tarefas que se deseñan no centro.

2.4 O ENDL

Leva funcionando no centro dende o curso 1995-96, colaborando na diagnose da situación lingüística e propoñendo e elaborando actividades para cumprir os obxectivos fixados.

2.5 EQUIPO DIRECTIVO

Comprometido e apoiando as accións do ENDL.,garantindo o cumprimento da lexislación vixente e motivando para desmontar prexuizos.

2.6 A ANPA

Implicándose no posible nas actividades de ND.L. e participando na discusión, elaboración e posta en marcha das decisións do centro.

Despois desta análise da situación actual da realidade sociolingüística do centro, e en aplicación **do Decreto 124/2007 de 28 de xuño**, acordamos que é o momento de dar un novo impulso, polo que fixamos os seguintes obxectivos.

3 OBXECTIVOS

- Crear unha actitude positiva cara ó emprego da lingua galega.
- Promover que a comunidade educativa considere a lingua galega como vehículo natural e insubstituíble de comunicación.
- Promover o emprego do galego en tódolos ambientes: colexio, familia, amigos.....
- Facer ver a lingua como algo vivo e que a comunidade educativa o poida comprobar no seu contorno.
- Facer sentir a necesidade dunha lingua común entre tódolos galegos.
- Conseguir un léxico cada vez máis amplo, que fomente as estruturas lingüísticas galegas.
- Dotar ó cento e ás aulas do soporte material suficiente.
- Comprender e valorar as obras artísticas do seu contorno, para a súa aproximación ó mundo cultural ó que pertencen.
- Interpretar e producir imaxes como forma de información e disfrute, descubrindo e identificando os elementos básicos da súa linguaxe.

Resumindo, trátase de fomentar entre toda a comunidade educativa a valoración positiva do galego, mediante a súa práctica común.

4 PAUTAS DE ACTUACIÓN PARA ACADA-LOS OBXECTIVOS FIXADOS

A lingua vehicular do ensino será o galego, empregándoo o profesor/a en tódalas ocasións pero sen forzar a lingua de expresión do alumnado.

A lecto-escritura, abordarase en galego, desenvolvéndose paralelamente en castelán cun pequeno desfase de tempo.

Valoraranse publicamente os avances que os nenos e nenas vaian acadando.

Fomentaranse a utilización do galego en tódalas actividades creativas (contos, teatro etc.)

Emprego de metodoloxías renovadoras nas que se motive e sexa necesaria a participación das familias do alumnado.

Desenvolvemento de actuacións tendentes a impulsar a normalización da cultura galega, pois a normalización lingüística non se pode dar separada da normalización cultural (arte, arquitectura, música, patrimonio lúdico etc.).

Desenvolvemento de xogos populares galegos e celebración de festas populares.

Substitución nas aulas progresivamente de carteis e murais en castelán por outros en galego, coidando especialmente a ambientación.

Organización de saídas culturais e participación nos actos programados polo Concello e outras asociacións ou entidades, principalmente nas que teñan por obxectivo prestixiar a nosa lingua e cultura.

Programación de actividades que tendan a promover actitudes favorables ó cambio lingüístico.

Programar accións tendentes á promoción do uso social da lingua.

Colaboración e participación co ENDL. nas medidas incentivadoras para a normalización da lingua.

Colaboracións coa coordinadora da biblioteca para que as actividades de dinamización e animación á lectura impulsen o emprego do galego.

Normalización, coa colaboración da ANPA., do galego nas actividades extraescolares

5 MEDIDAS DE APOIO E REFORZO

Emprego oral do castelán con aquel alumnado que non comprenda, ata que, pouco a pouco vaia acadando a competencia na comprensión oral.

No fomento da lectura empregaremos indistintamente contos e outros libros en galego e castelán.

Fomentaremos a través do xogo e doutras actividades lúdicas e informais que o alumnado que ten máis dificultades, se vaia atrevendo e incorporándose pouco a pouco.

Reforzo a aquel alumnado galego falante na procura de que manteña a súa lingua materna nun entorno maioritario de compañeiros castelán falantes, loando e solicitando a súa colaboración en actividades colectivas.